



## CONCURSO DE TRASLADOS F0424

### ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Coa finalidade de clarificar as dúbidas xurdidas sobre o anexo de postos así como a cumprimentación da solicitude de participación no concurso de traslados de persoal funcionario, emítese a seguinte

#### NOTA ACLARATORIA

#### ANEXO I DE POSTOS

Na relación de postos da convocatoria, cando en **CORPO / ESCALA** figure **"XERAL"** debe entenderse que o posto está aberto unicamente aos seguintes corpos ou escalas:

- Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Agrupación profesional de persoal funcionario, escala de persoal subalterno.

Non están obrigadas a participar neste concurso as persoas empregadas públicas en situación de adscrición provisional das escalas de finanzas, nin dos corpos ou escalas de administración especial, aínda que existen postos abertos a elas.

#### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Na solicitude de participación, se o posto desde que participa o obtivo como destino definitivo por ingreso na Administración, no campo **"SITUACIÓN DESDE A QUE PARTICIPA"** deberá consignar destino definitivo por concurso.